



XANEIRO 2022

RESUMO MENSUAL DE ACTIVIDADES



XERENCIA CINBIO

Trabállase arreo para a mellora das infraestruturas, do equipamento e unha xestión máis eficiente dos espazos,

- Intercambio do laboratorio de Neurocircuits e Microscopia. Pendente de finalizar o mantemento dos microscopios.
- Cambio de **vitrinas** nos módulos 4 e 5.
- Acondicionamento dunha **nova sala** (sala polivalente 2).
- Implantación dun sistema de alarmas de seguemento de temperatura dos conxeladores -80°C do CINBIO. (Grazas á nova actualización poderanse monitorizar de forma independente).
- Ampliado **espazo da poiaa** do laboratorio común do Módulo 1.
- Cambio de punto de suministro do nitróxeno líquido.

ADQUISICIÓN EQUIPAMENTO

- Electrospinning.
- Induction Heating.
- Espectrofluorímetro.
- Espectrofotómetro.
- Citómetro Cytoflex.
- QuantoStudio.
- Pipeta multicanal.
- Centrífuga de alta velocidade para mostras biolóxicas.
- Conxelador -80°C.
- Accesorio kit de actualización para dispensador del Envision.
- Nova cámara na sala de reunións M3.
- Novos extintores CO2 en 2 cadros eléctricos.


IGUALDADE E INCLUSIÓN

ENQUISA

En liña coa Axenda 2030, na Universidade de Vigo e no CINBIO traballamos para favorecer a igualdade e a inclusión. Por iso, estamos a realizar unha diagnose da situación do centro, que servirá para identificar as necesidades nesta materia e promover medidas que garantan que todas as persoas poidan desenvolver a súa actividade investigadora en igualdade e con respecto, un dos obxectivos fundamentais dentro da misión do CINBIO. Por isto, a opinión de TODO o noso persoal investigador é de suma importancia neste proceso.

Solicitamos a vosa colaboración respondendo a esta brevísima enquisa, que non vos levará máis de 5 minutos. Garantírase o anonimato e a confidencialidade de todas as respostas, polo que vos agradecemos que contestedes a todas as cuestións coa maior sinceridade posible.

Moitas grazas por anticipado pola vosa colaboración.





CANDIDATOS/AS PTA

Admisión provisional de persoas candidatas para a solicitude pola Universidade de Vigo ao Ministerio de Ciencia e Innovación de 2 prazas no CINBIO: Técnica/o de apoio en citometría de fluxo e técnica/o de apoio en sistemas de calidade e apoio á investigación.

Máis info.



VISITA ANA PONTÓN

O CINBIO recibiu a visita dunha delegación do Bloque Nacionalista Galego liderada pola Portavoz Nacional Ana Pontón, que visitou os diferentes laboratorios do centro para interesarse polo traballo do noso persoal científico.


Máis info.



TESES CINBIO

O investigador Mauro Lago Docampo do Laboratorio de Enfermidades Raras presentou o 10 de xaneiro de 2022 a súa tese de doutoramento baixo o título "Functional analyses and novel markers for Pulmonary Arterial Hypertension".

Máis info.



CIENTIFIS

Lembramos ao persoal CINBIO que temos a súa disposición o software de xestión CIENTIFIS, onde poden acceder online e actualizar o seu CV, proxectos e info de grupo, actualizándose de forma automática en cinbio.es.



EMPREGO

Ofertas de emprego abertas no CINBIO:
<https://cinbio.es/emprego-formacion/emprego/>



ENQ. SATISFACCIÓN

Lembra que temos dispoñible todo ano a enquisa de satisfacción e son benvidas propostas e suxestións.

PREVISIÓNS FEBREIRO

11 FEBREIRO - Día da Muller e a Nena na Ciencia

Investigadoras do CINBIO darán charlas en institutos namentres o centro formará parte das xornadas Elas Fan CienTec (xunto a UCC-Uvigo): distintos obradoiros nos laboratorios pretenderán espertar vocacións, visibilizar o traballo das científicas e crear roles femininos na ciencia.




SEMINARIOS

14th FEBRUARY, 11h - CINBIO SEMINARS

Itamar Willner, The Hebrew University of Jerusalem

From the Hebrew University of Jerusalem, **Itamar Willner** will be presenting his work from DNA switches and machines to dynamic DNA assemblies and their applications.

ONLINE



22 FEBREIRO, 10.30h - "Coñece ao #teamCINBIO"

Ana Campos Ríos, Neurociencia, CINBIO

A investigadora predoutoral **Ana Campos Ríos**, presentará a súa investigación sobre as canles de potasio TREK e a súa implicación na fisioloxía do corazón e na fisiopatoloxía do autismo.

PRESENCIAL + ONLINE



#teamCINBIO

Estamos traballando na planificación do ano e, dado que a nosa intención é que as principais persoas beneficiadas destas actividades sexa o persoal CINBIO, son benvidas todo tipo de **suxestións e ideas** sobre as áreas temáticas das actividades formativas, así como proposta de seminarios e clases maxistrals. Igualmente, todos aqueles/as que queirades participar presentando a vosa investigación no ciclo "Coñece ao #teamCINBIO", non dubidedes en facérnolo saber.

FORMACIÓN

INSCRICIÓNS ABERTAS

CORE COMMUNICATION

SKILLS, TIME & PROJECT

MANAGEMENT

Dates: **February 7 & 8, 2022**

(09.30-17.30 each day)

Target: audience 1st and 2nd year

PhD students at CINBIO

Duration: Two full days

No. participants 16

Format: In person

(Videoconferences room - CACTI)

Trainers: Dr Gavin Lucas, Dr

Tobias Maier

REGISTRATION HERE.



MANAGING MYSELF &

WORKING WITH MY TEAM:

A SKILLS UPGRADE FOR

POSTDOCS

Dates: **February 9 & 10, 2022**

(09.30-17.30 each day)

Target audience: Postdoctoral researchers and group leaders at CINBIO

Duration: Two full days

No. participants:16

Format: In person (CINBIO,

Universidade de Vigo) -


Videoconferences room, torre

CACTI

Trainers: Dr Gavin Lucas, Dr

Tobias Maier

REGISTRATION HERE.



cinbio.es



*PO FEDER Galicia 2014-2020
"Unha maneira de facer Europa"*